



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 2 de SETEMBRO de 2021 (1069/1102)**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (online)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font (online)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dous de setembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(775).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 27 de agosto de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(776).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XERACIÓN DUN MODELO 3D XEMELGO DIXITAL DA CIDADE DE VIGO, INTEGRACIÓN DE MOBILE MAPPING, XERACIÓN DE NOVOS SERVIZOS GIS 3D, FORMACIÓN GIS 3D E SUBMINISTRO DE LICENZAS PARA AMPLIAR AS CAPACIDADES DO PORTAL MUNICIPAL DE DATOS XEOGRÁFICOS ONDE SE PUBLICARÁN OS DATOS E SERVIZOS 3D. EXPTE. 9308/113.**

Visto o informe xurídico do 19/08/21 e o informe de fiscalización do 25/08/21, dáse conta do informe-proposta do 19/08/21, asinado polo xefe do Servizo de Admón.

Electrónica, pola concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- En data 24/02/2021 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para a xeración dun modelo 3d xemelgo dixital da cidade de Vigo, integración de mobile mapping, xeración de novos servizos GIS 3d, formación GIS 3d e subministro de licenzas para ampliar as capacidades do portal municipal de datos xeográficos onde se publicarán os datos e servizos 3d.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 24/02/2021 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 24/02/2021 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 02/03/2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 27/07/2021, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 27/07/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/07/2021.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11.07.2019, 05.09.2019 e 18.08.2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 24/02/2021 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Séptimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a xeración dun modelo 3d xemelgo dixital da cidade de vigo, integración de mobile mapping, xeración de novos servizos gis 3d, formación gis 3d e subministro de licenzas para ampliar as capacidades do portal municipal de datos xeográficos onde se publicarán os datos e servizos 3d, coa seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 24/02/2021 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
  - Resolución de inicio de expediente de contratación de data 24/02/2021 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
  - Documento económico sobre a existencia de crédito de data 02/03/2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
  - Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
  - Memoria xustificativa do contrato de data 27/07/2021, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
  - Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 27/07/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
  - Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/07/2021.
- SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **54.999,55 €**, que inclúe un IVE de **9.545,38 €**, dende o 1 de outubro 2021, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

EXERCICIO	CONCEPTO	BASE	IVE	TOTAL	EXERCICIO
2021	OT2, LA4, PLATAFORMA SMART CITY, INMATERIAL	45.454,17 €	9.545,38 €	54.999,55 €	2021

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **3(777).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DE SUBMINISTROS E SERVIZOS PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN NA CAMPAÑA DE NADAL 2021/2022 (LOTES 1 E LOTE 2). EXPTE. 5481/106.**

Visto o informe xurídico do 24/08/21 e o informe de fiscalización do 25/08/21, dáse conta do informe-proposta do 20/08/21, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local (LBRL).
- Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 4 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5481-106) por un prezo total de 285.753,80 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 49.593,63 euros e coas seguintes melloras:(...).*

*Incrementa o stock para a substitución esixido no Prego de Prescricións Técnicas nun 4%.*

*Non achega certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato.*

Comprométese a incluír na oferta réplicas dos sets incluídos no PPT para o Lote 1 coa superficie correspondente a cada un deles.

*(...) Adxudicar a o lote 2 do procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5481-106) por un prezo total de 376.320,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 65.311,74 euros e coas seguintes melloras:*

*Incrementa o número de figuras en relación coas incluídas no PPT para o Lote 2 coa seguinte distribución:*

- SET N.º 10.- Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura): 2 Uds

◦ SET N.º 11.- Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts): 3 Uds

*Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun 4%.  
Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato:  
certificado de calidade ISO 9001-UN e certificado de calidade ambiental 14001-UN."*

SEGUNDO.- En data 29/10/2018 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a mercantil ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A e posteriormente con data 31/10/2018 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a mercantil ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L.

TERCEIRO.- Con data 29/10/2020 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación á prórroga anual do contrato de subministros e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración na Campaña de Nadal 2020/2021 (lotes 1 e lote 2) desde o 1 de novembro de 2020 ata o 31 de outubro de 2021 adxudicados ás mercantís que a continuación se relacionan polos seguintes importes:

1. Lote 1: ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L: 142.876,90 € (IVE INCLuíDO).
2. Lote 2: ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 188.160 € (IVE INCLuíDO).

CUARTO.- En data 02/02/2021 o Servizo de Comercio comunica a ambas entidades mercantís o interese da Concellería de Comercio do Concello de Vigo de acceder á prórroga en cumprimento da cláusula 4.C das FEC e lle require a presentación do proxecto decorativo antes do 31/03/2021.

QUINTO. -Con data 26/03/2021 a empresa ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A presenta no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 210048926, o proxecto decorativo correspondente á Campaña do Nadal 2021-2022 (Lote 2).

SEXTO.- Con data 30/03/2021 a empresa ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY SL presenta no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 210050946, o proxecto decorativo para a Campaña do Nadal 2021-2022 (Lote 1).

SÉTIMO.- Con data 21/04/2021 este centro xestor de Comercio requírlle a empresa ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY SL que emende unha serie de carencias mediante achega de documentación e información complementaria.

OITAVO.- Con data 14/05/2021 e 24/05/2021 a empresa ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY SL presenta no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 210084975 e doc. 210089771, documentación coas emendas solicitadas ao proxecto decorativo presentado.



## Concello de Vigo

NOVENO.- Con data 16/06/2021 a empresa Iluminaciones Ximénez, S A achega documentación relativa ás melloras presentadas para a Campaña do Nadal 2021-2022, doc. 210106950.

DÉCIMO.- Con data 17/06/2021 a empresa ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY SL achega documentación relativa ás melloras presentadas para a Campaña do Nadal 2021-2022, doc. 210107626.

UNDÉCIMO.- Con data 21 de xuño de 2021, o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolveu aprobar os proxectos presentados polas empresas ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY S L e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- O contrato cuxa resolución se solicita adxudicouse en data 04.10.2018 polo que, en virtude do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, resulta de aplicación dita lei.

Segundo a cláusula cuarta de cada un dos contratos asinado o prazo de execución da prestación dos servizos << é de dous anos, contado a partir do 1 de novembro de 2018. Están previstas dúas prórrogas de un ano cada unha. Todo iso conforme ao establecido no apartado 4 das FEC do prego de cláusulas administrativas.>>

Segundo a cláusula 4.C da FEC o contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, previo acordo expreso do órgano de contratación, a proposta do servizo de Comercio e previa presentación do contratista ao Concello dun novo proxecto decorativo de similares características ás do proxecto inicial, conforme ao previsto no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Xustifícase a necesidade de aprobar a prórroga do contrato co fin de complementar a programación da Campaña do Nadal 2021-2022 aprobada pola Xunta de Goberno de data 22/04/2021 (expte 7812/106); sendo conforme ao interese xeral continuar neste preciso momento coa súa prestación a fin contribuír na reversión da desaceleración económica causada pola actual pandemia mundial existente e que está a afectar gravemente ao comercio local.

De feito, e tendo en conta a repercusión mediática acadada durante os últimos anos, as Festas do Nadal poden definirse como un dos eventos anuais de maior atractivo para cidadanía e o comercio na cidade de Vigo, acadando unha ampla repercusión a nivel nacional con cifras, durante a Campaña 2019/2020, de 675 M de audiencia, 2.935 impactos en medios de comunicación cun valor publicitario de 14.974,978 € e un valor comunicativo de 54.807.526 €; na pasada Campaña 2020/2021, e pese ao descenso

producido polos efectos da pandemia, obtivéronse unhas cifras, non menos importantes, de 1.300 noticias, 770 M de audiencia, cun valor económico de 7.264.077 € e un valor de comunicación de 21.792.231 €. Trátase dunha iniciativa que contribúe, así mesmo, a xerar emprego e dinamizar o sector hostaleiro, da restauración, do transporte público e do ocio carecendo o servizo de comercio de medios persoais para a súa execución.

Así mesmo ambos contratos desenvolveronse conforme ás condicións pactadas no contrato e coa conformidade desta administración.

Neste punto cabe sinalar que no expediente consta respecto ao contrato correspondente ao Lote 1 solicitude dun subcontratista (trámite 824) para que se requira á contratista adxudicataria ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L, a documentación sinalada na cláusula 28 do prego de condicións “Declaración responsable de estar ao corrente de pagamento nos prazos acordados cos subcontratistas e subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da factura presentada” e solicita ao Concello o abono da contía debida por parte do contratista principal ao abeiro da disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP en relación coas obrigas en materia de pago a subcontratistas”. (art 216).

Conferido trámite de audiencia, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L, alega que non se excede do prazo de pago a subcontratistas previsto no artigo 216 LCSP, declarándose que está pendente a liquidación de parte dos traballos executados e non resultando aceptadas nin correctamente emitidas as facturas ao non estar terminada a prestación, conforme prevé o artigo 217.2 LCSP. Posteriormente a adxudicataria achega en data 22/02/2021 copia da denuncia do subcontratista presentada no Xulgado de Primeira Instancia de A Coruña.

Visto que a data de emisión desde informe non consta senteza que dirima o asunto no se pode concluír que exista incumprimento do adxudicatario en materia de pago a subcontratista.

Respecto ao réxime de pagamento e conforme ao informe do Servizo de data 28/11/2018 (trámite 513) o apartado 11 das FEC e a memoria xustificativa establece os seguintes prazos de pago:

**“LOTE nº 1.-**

*- Un primeiro pago un 80% da correspondente anualidade, dentro dos 15 días despois da data do inicio do período de ornamentación e acendido.*

*- Un segundo pago dun 20% da correspondente anualidade, dentro do mes seguinte á finalización do período de desmorte, previa presentación dunha memoria completa do servizos prestados.*

*- Un terceiro pago da correspondente anualidade, tras a presentación do proxecto decorativo da correspondente campaña, a partires do mes de marzo.*





## Concello de Vigo

### **LOTE nº 2.-**

- Un primeiro pago da correspondente anualidade, dentro dos 15 días despois da data do inicio do período de ornamentación e acendido.
- Un segundo pago da correspondente anualidade, dentro do mes seguinte á finalización do período de desmonte, previa presentación dunha memoria completa dos servizos prestados.
- Un terceiro pago da correspondente anualidade, dentro do mes seguinte á finalización do período de desmonte, previa presentación dunha memoria completa dos servizos prestados.

Conforme ao anterior, cómpre informar dos importes correspondentes ás respectivas anualidades 2018, 2019 e 2020, co IVE do 21% engadido, unha vez aplicadas as porcentaxes de baixa realizadas polas empresas que resultaron adxudicatarias (lote nº 1: 1,10% e Lote nº 2: 4%):

### **LOTE nº 1.- ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L.**

Prezo adxudicación: 285.753,80 en 2 anualidades.

Importe ano: 142.876,90 €

- **2018: 110.097,00 €** (80%).
- **2019: 142.876,89 €**; desglosados en 27.524,25 (20% do 2018) + 5.255,64 (correspondente ao proxecto decorativo a presentar antes do mes marzo da campaña 2018-2019) + 110.097,00 (80% do 2019).
- **2020: 32.779,89 €**; desglosados en 27.524,25 (20% do 2019) + 5.255,64 (correspondente ao proxecto decorativo a presentar antes do mes de marzo da Campaña 2019-2020).

### **LOTE nº 2.- ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A**

Prezo adxudicación: 376.320 € en 2 anualidades.

Importe ano: 188.160 €

- **2018: 150.528 €** (80%).
- **2019: 188.160 €**; desglosados en 37.632 € (20% do 2018) + 150.528 (80% do 2019).
- **2020: 37.632,00 €** (20% do 2019)".

E por isto que respecto ao Lote 1 e considerando que se trata o último ano de prórroga non procede incluír no prezo do contrato o gasto do proxecto decorativo por importe de 5.255,64 euros para a Campaña do Nadal dentro da anualidade 2022-2023 que se licitará por separado.

En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo á aprobación polo órgano de contratación.

Así mesmo, establécese que no expediente incorpóranse os certificados de existencia de crédito, RC 202100004139 e 202100004140. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación a adopción do seguinte **acordo**

**“PRIMEIRO.-** *Aprobar a segunda e última prórroga anual do contrato **DE SUBMINISTROS E SERVIZOS PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN NA CAMPAÑA DE NADAL 2021/2022 (lotes 1 e lote 2)** dende o 1 de novembro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022 adxudicados ás mercantís que a continuación se relacionan polos seguintes importes:*

1. *Lote 1: ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L: 137.621,25 € (IVE INCLUÍDO).*
2. *Lote 2: ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 188.160 € (IVE INCLUÍDO).*

**SEGUNDO.-** *Aprobar o gasto de:*

1. *137.621,25 € (IVE INCLUÍDO) a favor de ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L.*
2. *188.160 € (IVE INCLUÍDO) a favor de ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A.*

*con cargo á partida 4310 2279901 “**PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NA-DAL**” con cargo ás seguintes anualidades:*



## Concello de Vigo

### **-Ano 2021:**

-ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L: 110.097,00 € (80%)

-ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 150.528,00 € (80%)

### **-Ano 2022:**

-ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L: 27.524,25 € (20%).

-ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 37.632,00 € (20%).

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(778).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E OBRAS PARA A CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO NA ZONA I: CENTRO DE VIGO. EXPTE. 51914/444.**

Visto o informe de fiscalización do 26/08/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/08/21, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

f) Procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumeado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumeado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO NA ZONA I: CENTRO DE VIGO.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 30.03.2021 e 07.04.2021 (anexo IV).*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.05.21*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS CINCUENTA E UN MIL CENTO TRINTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.551.133,15 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de CATROCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (442.758,65 €).*

*O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 1650.619.00.61.- Plan de eficiencia enerxética, as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.*

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2021	2.551.133,15 €	2.108.374,51 €	442.758,65 €

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*

- 1. Sesión do 9 de xullo de 2021: non se admite neste procedemento á UTE NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. - ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.*
- 2. Sesión do 5 de agosto de 2021: exclúese a SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SICE) por conter na súa oferta prezos*



## Concello de Vigo

*unitarios dos subministros superiores aos prezos unitarios da licitación, os cales teñen a consideración de máximos, tal e como se recolle no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumeadado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	IMESAPI, S.A.	98,20
2	UTE TECUNI S.A.U. (60%)- ELEUKON (40%)	91,47
3	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S. A. (50%) - SIELVIGO, S.L. (50%)	86,65
4	EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA)	79,88

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A. (A-28.010.478), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMESAPI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMESAPI, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de xullo e 5 de agosto de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*
  - *Sesión do 9 de xullo de 2021: non se admite neste procedemento á UTE NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. - ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.*
  - *Sesión do 5 de agosto de 2021: exclúese a SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SICE) por conter na súa oferta prezos unitarios dos subministros superiores aos prezos unitarios da licitación, os cales teñen a consideración de máximos, tal e como se recolle no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a IMESAPI, S.A. (A-28.010.478) o procedemento aberto mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumeadado viario na zona I: centro de Vigo (51.914-444) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 2.551.133,15 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 442.758,65 euros, cunha redución dos prezos unitarios dos subministros recollidos no anexo IV do PPT que resulta do*



## Concello de Vigo

*cadro incluído como Anexo V ao PCAP segundo os importes sinalados na súa oferta.*

- b) *Propón unha porcentaxe de desconto única do 20,00% a aplicar para todos os prezos unitarios máximos para a execución de pequenas actuacións de obras para as instalacións dos elementos subministrados incluídos no anexo V do PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(779).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2021-2022”. EXPTE. 25031/332.**

Visto o informe de fiscalización do 27/08/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/08/21, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2021-2022” (25.031-332)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2021-2022” (25.031-332)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2021-2022”.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 10/06/2021 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 16/06/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2021-2022” por procedemento aberto.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 4.440.000,00.-€ (correspondendo 66.600,00 euros na anualidade de 2021, 2.220.000,00 euros na anualidade de 2022, e outros 2.153.400,00 euros na anualidade de 2023) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2021-2022” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo “Aulas Internacionais”.  
O valor estimado do contrato estipúlase en 9.768.000,00.-€*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2021-2022” (25.031-332) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	100 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L. (B-22.210.843), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde*





## Concello de Vigo

*o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., o día 10 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 24 e 25 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEW LINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEW LINK EDUCATION, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 2 e 3 de agosto de 2021 e o acordo da Mesa de Contratación polo que se lle outorga a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula de data 9 de agosto de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L. (B-22.210.843) o procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2021-2022” (25.031-332) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 4.440.000,00 euros (exento de IVE) e cun prezo unitario por alumno de 2.400,00 euros.*
- b) Propón un incremento de 0 monitores/as por riba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.*
- c) Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) de 100%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **6(780).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DO LARANXO”. EXPTE. 702/441.**

Visto o informe de fiscalización do 26/08/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/08/21, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas no Camiño do Laranxo” (702-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo” (702-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DO LARANXO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.925,99 €) e con sinatura dixital de 12/05/2018.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.925,99 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 23.590,46 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.67 (“Beirarrúa no camiño do Laranxo”).*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo” (702-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	NAROM, S.L.	88,17
2	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	87,57
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	85,94

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	83,88
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	82,21
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	79,70
7	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	72,05

*Segundo.-* Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L. (B-36.163.418), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 18 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 e 30 de xullo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NAROM, S.L. (B-36.163.418) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no Camiño do Laranxo” (702-441) por un prezo total de 105.886,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.376,97 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(781).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR TRIBUNA VIGO 2020, S.L. NO PROCEDemento DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS: QUIOSCOS DO CONCELLO DE VIGO 2021-2024. EXPTE. 15023/306.**

Dáse conta do informe-proposta de data 27/08/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306) (PCAP)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 15023/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2021 a 2024.*

*2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2021 a 2024, asinado dixitalmente o 13 de abril de 2021.*

*3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*

➤ *Sesión do 21 de maio de 2021:*

1. *Acéptase a renuncia formulada o 19 de maio de 2021 por D. Andrés Ferreira Tobío (lotes 3, 4, 6, 7 e 8) (artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) con carácter previo á apertura das proposicións avaliadas a través de fórmula.*



## Concello de Vigo

2. *Exclúese a D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO dos lotes 3 e 8 deste procedemento por non ter presentado a proposición avaliable mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.*
- *Sesión do 27 de maio de 2021: exclúese aos seguintes licitadores polos seguintes motivos:*
1. *D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 1): a oferta non cumpre a cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; apartado 4.2. Características do Modelo de quiosco B do Anexo III de "Características técnicas dos modelos de quioscos" do PPT e, polo tanto, Cláusula sexta.B) do PCAP sendo motivo de exclusión.*
  2. *ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 2 e 3): as ofertas non se axustan ao establecido na Cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; no Anexo III de "Características técnicas dos modelos de quioscos" do PPT, nin na Cláusula sexta.B), do PCAP sendo motivo de exclusión.*
  3. *D. LUIS AGRA LAREO (lote 9): a documenta gráfica da oferta referida ao modelo transitorio de quiosco do ano 2021 non se axusta ás características técnicas recollidas no Anexo III do PPT polo que ao abeiro do establecido na Cláusula sexta.B) do citado PCAP é motivo de exclusión.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para o outorgamento de autorización para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306) na seguinte orde descendente:*

### **LOTE 1: quiosco do areal da Punta (A Guía) sinalado co nº1 nos planos do Anexo II do PPT**

<b>LOTE 1 quiosco do areal da PUNTA (A Guía) sinalado co nº 1</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
<i>Alimentaria Longueicarp, S.L.</i>	<i>75,49</i>	<i>1<sup>a</sup></i>
<i>Tribuna Vigo 2020, S.L.</i>	<i>50,00</i>	<i>2<sup>a</sup></i>

### **LOTE 2: quiosco do areal de Santa Baia, sinalado co nº 2 nos planos do Anexo II do PPT**

<b>LOTE 2 quiosco do areal de SANTA BAIA (Alcabre) sinalado co nº 2</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
<i>Administración de Playas, S.L.</i>	<i>100,00</i>	<i>1<sup>a</sup></i>

**LOTE 3: quiosco do areal de Tombo do Gato, sinalado co nº 3 nos planos do Anexo II do PPT**

<b>LOTE 3 quiosco do areal do TOMBO DO GATO sinalado co nº 3</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Jesús Alberto Sousa Rodríguez	90,00	1ª

**LOTE 4: quiosco do areal de Tombo do Gato, sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II do PPT**

<b>LOTE 4 quiosco do areal do TOMBO DO GATO sinalado co nº 4</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Obdulia Lastra Francisco	96,69	1ª
Drinks Atlantic, S.L.	88,68	2ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	82,18	3ª
Administración de Playas, S.L.	80,25	4ª
Manuel Lago Chapela	50,00	5ª

**LOTE 5: quiosco do areal de Argazada, sinalado co nº 5 nos planos do Anexo II do PPT**

<b>LOTE 5 quiosco do areal de ARGAZADA sinalado co nº 5</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.:	74,66	2ª
Juan Manuel Bernardez Lastra	62,57	3ª
Drinks Atlantic, S.L.	59,22	4ª
Administración de Playas, S.L.	44,52	5ª

**LOTE 6: quiosco do areal de Samil, sinalado co nº 6 nos planos do Anexo II do PPT**

<b>LOTE 6 quiosco do areal de SAMIL sinalado co nº 6</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Tribuna Vigo 2020, S.L.	86,98	2ª
Drinks Atlántic, S.L.	68,53	3ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	56,98	4ª





## Concello de Vigo

### **LOTE 6 quiosco do areal de SAMIL sinalado co nº 6**

Administración de Playas, S.L.	43,57	5ª
--------------------------------	-------	----

### **LOTE 7: quiosco do areal de Samil, sinalado co nº 7 nos planos do Anexo II do PPT**

#### **LOTE 7 quiosco do areal de SAMIL sinalado co nº 7**

<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Ricardo Santiago Daponte	83,72	2ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	69,76	3ª
Drinks Atlántic, S.L.	54,86	4ª

### **LOTE 8: quiosco do areal de Samil, sinalado co nº 8 nos planos do Anexo II do PPT**

#### **LOTE 8 quiosco do areal de SAMIL sinalado co nº 8**

<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Jesús Alberto Sousa Rodríguez	90,00	1ª
Manuel Lago Chapela	89,53	2ª
Atlántica de Hostelería 2012, S.L.	81,33	3ª
Drinks Atlántic, S.L.	58,74	4ª

### **LOTE 9: LOTE 9: quiosco do areal do Vao, sinalado co nº 9 nos planos do Anexo II do PPT**

#### **LOTE 9 quiosco situado no areal do VAO sinalado co nº 9**

<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	90,00	1ª
Administración de Playas, S.L.	88,33	2ª
Drinks Atlántic, S.L.	67,57	3ª
Atlántica Hostelería 2012, S.L.	51,27	4ª
Tribuna Vigo 2020, S.L.	42,59	5ª

### **LOTE 10: quiosco do areal do Vao, sinalado co nº 10 nos planos do Anexo II do PPT**

#### **LOTE 10 quiosco situado no areal do VAO sinalado co nº 10**

<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
--------------------	-------------------	----------------------

<b>LOTE 10 quiosco situado no areal do VAO sinalado co nº 10</b>		
Tribuna Vigo 2020, S.L.	92,37	1ª
Manuel Lago Chapela	40,00	2ª

**LOTE 11: quiosco do areal da ETEA, sinalado co nº 11 nos planos do Anexo II do PPT**

<b>LOTE 11 quiosco do areal da ETEA sinalado co nº 11</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	100,00	1ª
Tribuna Vigo 2020, S.L.	74,21	2ª
Damián Currás Torea	71,26	3ª

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (B-36.937.100) (Lote 1), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (B-27.801.869) (Lote 2), JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (34.871.099-V) (Lotes 3 e 8), OBDULIA LASTRA FRANCISCO (34.867.908-T) (Lote 4), MANUEL LAGO CHAPELA (39.461.164-H) (Lotes 5, 6, 7, 9 e 11) e TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (B-27.879.790) (lote 10), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida na cláusula 5.4 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):
  - Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar
  - Documentos acreditativos da personalidade xurídica (os empresarios individuais copia do DNI e os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda)
  - Documentos acreditativos da representación (cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s)
3. Acreditar ter suscrito unha póliza de responsabilidade en contía mínima de 300.000 euros para cubrir as contingencias que se puideran producir pola prestación do servizo (cláusula 9 do PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible na cláusula 10 do PCAP por importe de 1.200 euros por lote".

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (Lote 1), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (Lote 2),



## Concello de Vigo

JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ (Lotes 3 e 8), OBDULIA LASTRA FRANCISCO (Lote 4), MANUEL LAGO CHAPELA (Lotes 5, 6, 7, 9 e 11) e TRIBUNA VIGO 2020, S.L. (lote 10), o día 28 de maio de 2021.

**Cuarto.-** O 3 de xuño de 2021, D. José Germán Gesteiro Moreira, en representación de TRIBUNA VIGO 2020, S.L. interpón recurso de reposición (documento nº 210097445) contra a resolución de clasificación deste procedemento.

**Quinto.-** O 7 de xuño de 2021 D. Rubén Pérez Méndez, en representación de DRINKS ATLANTIC, S.L. interpón recurso de reposición (documento nº 210110826) contra a clasificación do lote 4 deste procedemento.

**Sexto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2021 entendeu retirada a oferta de OBDULIA LASTRA FRANCISCO e acordou, por unanimidade, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4, DRINKS ATLANTIC, S.L. (B-27.794.031), para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 LCSP e na cláusula novena do PCAP.

**Sétimo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o **17 de xuño de 2021**, acordou:

*"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*

- *Sesión do 21 de maio de 2021:*
  1. *Acéptase a renuncia formulada o 19 de maio de 2021 por D. Andrés Ferreira Tobío (lotes 3, 4, 6, 7 e 8) (artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) con carácter previo á apertura das proposicións avaliadas a través de fórmula.*
  2. *Exclúese a D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO dos lotes 3 e 8 deste procedemento por non ter presentado a proposición avaliable mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.*
- *Sesión do 27 de maio de 2021: exclúese aos seguintes licitadores polos seguintes motivos:*
  1. *D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 1): a oferta non cumpre a cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; apartado 4.2. Características do Modelo de quiosco B do Anexo III de "Características técnicas dos modelos de quioscos" do PPT e, polo tanto, Cláusula sexta.B) do PCAP sendo motivo de exclusión.*
  2. *ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 2 e 3): as ofertas non se axustan ao establecido na Cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; no Anexo III de "Características técnicas dos modelos de quioscos" do PPT, nin na Cláusula sexta.B), do PCAP sendo motivo de exclusión.*

3. *D. LUIS AGRA LAREO (lote 9): a documenta gráfica da oferta referida ao modelo transitorio de quiosco do ano 2021 non se axusta ás características técnicas recollidas no Anexo III do PPT polo que ao abeiro do establecido na Cláusula sexta.B) do citado PCAP é motivo de exclusión.*“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:
  - *Sesión do 21 de maio de 2021:*
    1. *Acéptase a renuncia formulada o 19 de maio de 2021 por D. Andrés Ferreira Tobío (lotes 3, 4, 6, 7 e 8) (artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) con carácter previo á apertura das proposicións avaliáveis a través de fórmula.*
    2. *Exclúese a D<sup>a</sup>. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO dos lotes 3 e 8 deste procedemento por non ter presentado a proposición avaliable mediante fórmula conforme ao modelo recollido na cláusula sexta.2.B) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.*
  - *Sesión do 27 de maio de 2021: exclúese aos seguintes licitadores polos seguintes motivos:*
    1. *D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 1): a oferta non cumpre a cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; apartado 4.2. Características do Modelo de quiosco B do Anexo III de “Características técnicas dos modelos de quioscos” do PPT e, polo tanto, Cláusula sexta.B) do PCAP sendo motivo de exclusión.*
    2. *ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. (lotes 2 e 3): as ofertas non se axustan ao establecido na Cláusula undécima, apartado 2 do PCAP; no Anexo III de “Características técnicas dos modelos de quioscos” do PPT, nin na Cláusula sexta.B), do PCAP sendo motivo de exclusión.*
    3. *D. LUIS AGRA LAREO (lote 9): a documenta gráfica da oferta referida ao modelo transitorio de quiosco do ano 2021 non se axusta ás características técnicas recollidas no Anexo III do PPT polo que ao abeiro do establecido na Cláusula sexta.B) do citado PCAP é motivo de exclusión.*
  - *Sesión do 14 de xuño de 2021: a Mesa entende retirada a oferta presentada por OBDULIA LASTRA FRANCISCO no lote 4 por non presentar a documentación esixida na cláusula novena do PCAP e no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto e acorda requirir ao licitador clasificado en segundo lugar no lote 4, DRINKS ATLANTIC, S.L., para que presente a referida documentación.*

*Segundo.- Autorizar a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306) aos licitadores que se indican a continuación e coas seguintes condicións:*



## Concello de Vigo

- a) *Lote 1 quiosco do areal da Punta (A Guía) (nº 1): autorízase a ALIMENTARIA LONGUEICARP, S.L. por un canon de 1.020 euros.*
- b) *Lote 2 quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) (nº 2): autorízase a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. por un canon de 1.601,10 euros.*
- c) *Lotes 3 quiosco do areal do Tombo do Gato (nº 3) e lote 8 quiosco do areal de Samil sinalado (nº 8): autorízase a JESÚS ALBERTO SOUSA RODRÍGUEZ por un canon de 9.900,00 euros e 24.900,00 euros, respectivamente.*
- d) *Lotes 5, 6, 7, 9 e 11 (quiosco do areal de Argazada -nº5-, quioscos do areal de Samil (nº 6 e 7), quiosco situado no areal do Vao (nº 9) e quiosco do areal da Etea -nº 11-): autorízase a MANUEL LAGO CHAPELA por un canon de :*
  - *Lote 5: 24.771,00 euros*
  - *Lote 6: 23.771,00 euros*
  - *Lote 7: 24.771,00 euros*
  - *Lote 9: 26.771,00 euros*
  - *Lote 11: 13.771,00 euros*
- e) *Lote 10 quiosco do areal do Vao sinalado (nº 10): autorízase a TRIBUNA VIGO 2020, S.L. por un canon de 10.333,33 euros.*

*Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

Este acordo foi notificado aos interesados o **18 de xuño de 2021**. O recorrente recibiu a notificación o día **21 de xuño**.

**Oitavo.-** Mediante sendos acordos adoptados na sesión do 1 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local desestimou os recursos interpostos por TRIBUNA VIGO 2020, S.L. e DRINKS ATLANTIC, S.L. Ambos acordos foron notificados aos interesados o 5 de xullo.

**Noveno.-** O 22 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local acordou:

*“Autorizar a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306) a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L., no lote 4, por un canon de 9.502,10 euros”*

**Décimo.-** O **27 de xullo de 2021**, D. Ricardo Santiago Daponte, en representación de TRIBUNA VIGO 2020, S.L., mediante documento nº 210155856, interpón recurso de reposición contra o acordo de adjudicación dos lotes 1, 10 e 11.

Deste recurso deuse traslado aos demais interesados concedéndolles un prazo de 10 días para que puidesen formular alegacións (artigo 118 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas). Durante o prazo concedido non se presentou alegación ningunha.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación o acordo da Xunta de Goberno local de data 17 de xuño de 2021 polo que se autoriza a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias dos quioscos correspondentes aos lotes 1, 10 e 11.

-II-

### Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de non admisión.

Son causas de non admisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- b) Carecer de lexitimación o recorrente
- c) Trátase dun acto non susceptible de recurso
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional



## Concello de Vigo

- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- c) Os que teñan un contido imposible
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

Dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, a resolución impugnada é un acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexitimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a TRIBUNA VIGO 2020, S.L., por ser titular de dereitos ou intereses lexitimos na súa calidade de licitador. No entanto, non consta a representación do recorrente, se ben non se considera necesario emendar esta circunstancia polos motivos que a continuación se indicarán en relación cos requisitos temporais.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, sinatura do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Estas circunstancias concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é un acordo adoptado o 17 de xuño de 2021, que lle foi notificado ao licitador o 18 de xuño e recibida a notificación o 21 de xuño, a interposición do recurso de reposición en data 27 de xullo realizouse fóra de prazo, pois o prazo dun mes para interpoñer o recurso comeza a computar a partir do día seguinte ao da práctica da notificación do acordo.

Así o prevé o artigo 30.4 da LPAC (*“Se o prazo se fixa en meses ou anos, computaranse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación do acto en cuestión, ou a partir do día seguinte ao que se produza a estimación ou rexeitamento por silencio administrativo. O prazo rematará o mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes ou ano de caducidade. Se no mes de caducidade non hai un día equivalente ao que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes”*).

Así, pois, o prazo para a interposición do recurso rematou o 21 de xullo de 2021, sen prexuízo de que a publicación do acordo se publicase, como indica o recorrente, o 9 de xullo de 2021.

En consecuencia, ao non concorrer o requisito temporal non procede admitir o recurso. Como se indicou máis arriba, o artigo 116d) da LPAC contempla entre os supostos de non admisión *“Transcorrer o prazo para a interposición do recurso”*.

### -III-

#### **Tramitación do recurso**

En relación coa tramitación do recurso, a lei limítase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Dado que existen máis interesados neste procedemento, concedéuselles un trámite de audiencia para que puidesen formular alegacións. Durante o prazo concedido non se presentou alegación ningunha.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No





## Concello de Vigo

entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC). Prazo que poderá ampliarse excepcionalmente se concorresen as circunstancias previstas no artigo 21.5 da LPAC (artigo 23.1 LPAC), que non é o caso.

### -IV-

#### **Motivos de impugnación do acordo recorrido**

Se ben non procede admitir o recurso por extemporáneo, cómpre indicar que o recorrente despois de manifestar que no procedemento se conculcaron os principios que rexen a contratación, solicita *“se anule la adjudicación de los lotes que, según se demuestra en el anexo, recibieron una puntuación incorrecta en la “proposición avaliable mediante fórmula”, esto es, lotes 1, 10 y 11, por ser justo”*.

Ademais de non terse recibido o referido anexo, chama a atención que o recorrente pretenda a anulación da adxudicación, entre outros, do lote 10 posto que este lote foille adxudicado a el. Respecto a esta cuestión o recurso parece carecer manifestamente de fundamento (artigo 116e) da LPAC).

### -V-

#### **Acordo**

O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é a Xunta de Goberno local (artigos 121.1 e 123.1 da LPAC e artigo 115 do ROF).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“1º.- Non admitir o recurso de reposición interposto o 27 de xullo de 2021 por D. Ricardo Santiago Daponte, en representación de TRIBUNA VIGO 2020, S.L., contra a adxudicación dos lotes 1, 10 e 11 do procedemento para a autorización da ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2021-2024 (15.023-306) por ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso (artigo 116d) da LPAC).*

*2º.- Notificar este acordo a todos os interesados”.*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(782).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DOS EDIFICIOS DO AUDITORIO MAR DE VIGO. EXPTE. 20739/240.**

Visto o informe xurídico do 20/08/21 e o informe de fiscalización do 25/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 03/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Patrimonio e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 14 de abril de 2021, a concelleira-delegada de Patrimonio dictou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DOS EDIFICIOS DO AUDITORIO MAR DE VIGO

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio de data 14 de abril de 2021 para o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada o 15 de abril de 2021 pola xefa de área de xestión patrimonial e territorial e a concelleira delegada de Patrimonio.
- Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira técnica industrial municipal da área de Fomento o 26 de xullo de 2021.
- Memoria xustificativa asinada o 22 de xullo de 2021 pola xefa de área de xestión patrimonial e territorial e a concelleira delegada de Patrimonio.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de xullo de 2021.

### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordos da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019 e 05/11/2020), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non



## Concello de Vigo

división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### III.- ACORDO:

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto, simplificado e abreviado e tramitación ordinaria da subministración de material para o mantemento das instalacións dos edificios do Auditorio Mar de Vigo.

**2ª.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas** asinado pola enxeñeira técnica industrial municipal da área de Fomento o 26 de xullo de 2021.

**3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas** Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 27 de xullo de 2021.

#### 4º.- Autorizar o gasto

**A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 12.000,78 euros

**B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:** 2.082,78 euros

**C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 21.819,60 euros

**D) MÉTODO DE CÁLCULO DO VALOR ESTIMADO E CONCEPTOS QUE COMPRENDE:** o valor estimado do contrato calculouse descontando ao orzamento base de licitación o importe correspondente ao IVE, tendo en conta a posibilidade dunha prórroga e as modificacións á alza, así como os custos derivados da aplicación da normativa laboral vixente

#### E) ANUALIDADES CON IVE:

Anualidade	IVE
2021	6.000,39 €
2022	6.000,39 €

Con cargo á aplicación 9330.2130001 REPARACIÓNS MAQUINARIA E INSTALACIÓNS.

**5º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(783).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN ECONÓMICA PRESENTADA POR LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. EXPTE. 3993/330.**

Visto o informe xurídico do 18/08/21, dáse conta do informe-proposta do 25/08/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Vista a solicitude de reclamación económica presentada pola empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS SL, con data da sede electrónica municipal do pasado 7 de maio de 2021.

Visto o informe xurídico de data 18/08/21, que a continuación se transcribe:

#### *“LEXISLACIÓN APLICABLE*

- *Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- *Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)*

#### *ANTECEDENTES DE FEITO*

*En data 07.05.2021 D. CELSO FIGUEROA SUÁREZ, con DNI 76.991.596-Q, en nome e representación da empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L solicita abono dos gastos satisfeitos pola empresa en concepto de reparación dos dispositivos cuenta personas y el Sistema antifurto de la Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”.*

*Aos efectos da emisión deste informe consta*

*1.- En data 6.02.2020 a Xunta de Goberno Local adxudicou a LTM SERVICIOS BIBLIOTE-*



## Concello de Vigo

*CARIOS, S.L. (B-15.648.595) o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (15.967-331) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 543.858,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.388,63 euros.*
- b) Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) Comprométese a por a disposición do servizo 75 horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada, formada pola proposición avaliable mediante xuízo de valor e a proposición avaliable a través de fórmula".*

*2.- En data 5.03.2020 formalizouse o contrato administrativo.*

### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

#### *PRIMEIRO.- Admisibilidade do recurso*

*A solicitude se formula por persoa lexitimada en representación da mercantil adxudicataria do contrato (LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS SL) dos servizos bibliotecarios complementarios na Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas" (expte 15967/331), por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2020 polo que procede admitir a solicitude.*

#### *SEGUNDO.- Réxime xurídico.-*

*O contrato dos servizos bibliotecarios complementarios na Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas" adxudicouse o día de 16.10.2020 polo que, en virtude do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, resulta de aplicación dita lei.*

*O contrato ten a natureza de contrato administrativo de servizos e como obxecto a prestación de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas".*

#### *TERCEIRO.- Da reclamación presentada.-*

*O artigo 189 LCSP determina que os contratos deberán cumprirse ao teor das súas cláusulas, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das Administracións Públicas e o artigo 198 da LCSP determina que o contratista ten dereito ao abono do prezo convido pola prestación realizada nos termos establecidos na Lei e no contrato.*

*O reclamante solicita o abono dos gastos satisfeitos pola empresa en concepto de reparación dos dispositivos conta persoas e Sistema antifurto da Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas"*

*Neste punto cabe sinalar que segundo o informe do responsable do contrato os traballos realizados non forman parte do obxecto do contrato. Concretamente segundo o especificado na cláusula terceira do prego de prescricións técnicas que rexe o contrato éste comprende servizos comúns, servizos en sala, servizos en liña e actividades de dinamización e extensión cultural e bibliotecaria, adquisición de fondos bibliográficos, audiovisuais e subscricións, substitución de material informático. Como servizos non incluídos e segundo o apartado sétimo da cláusula terceira << non se inclúen os de limpeza xeral, mantemento de instalacións (climatización, portas automáticas corredoiras, sistemas de seguridade...), subministracións de enerxía eléctrica e auga, así como o contrato de aluguer, renting ou similar da/s fotocopiadora/s; de todos modos, o licitador poderá propoñer dentro do servizo de reprografía e ao seu cargo a implantación de servizos complementarios de reprografía.>>*

*A maior onerosidade sobrevida dunha relación contractual pode resultar de tres supostos diferentes:*

- 1) modificación do obxecto do contrato en virtude do exercicio da potestade ou prerrogativa que a lexislación sobre contratación pública atribúe para estes efectos á Administración contratante;*
- 2) adopción de disposicións ou medidas de intervención ou ordenación económica cuxos efectos inciden ou poden incidir na relación contractual;*
- 3) feitos ou acontecementos, imprevistos ou imprevisibles ao tempo da celebración do contrato, e que resultan completamente alleos á Administración contratante.*

*Debemos descartar en primeiro lugar da concorrencia dun suposto de << factum principis>> en tanto que as prestacións cuxo pago se solicita non veñen motivadas pola adopción de medidas por parte da Administración no exercicio das súas potestades administrativas xerais que impliquen modificación do contrato non de forma directa, senón indirecta. Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 61/08, do 31 de marzo de 2009 para que concorra el factum principis, se esixe que se trate de "una medida administrativa de carácter obligatorio y general de la que se derive un perjuicio para el contratista. Caracteriza de modo trascendental esta figura el hecho de que la medida de que se trate ha de ser adoptada fuera del ámbito propio de la relación contractual".*

*En relación aos feitos ou acontecementos imprevistos ou imprevisible O solicitante alega*



## Concello de Vigo

*que os danos foron producidos por unha tormenta rexistrada na cidade de Vigo o pasado mes de xaneiro do corrente año 2021 que provocou unha sobretensión na entrada de alimentación que averiou os dous dispositivos conta persoas e o Sistema antifurto da Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas". Non obstante non se acredita a existencia da tormenta eléctrica. Así mesmo o presuposto correspondente a Asistencia Técnica Sistema Ecoreader 4 Rfid 13,56MHz data do 17 de Marzo de 2021 e a factura da mercantil sistemas olton respecto os traballos "sistema conta persoas" data do 22/01/2021*

*Respecto a unha posible modificación de contratos << ius variandi >> o artigo 203 da LCSP determina << los contratos administrativos solo podrán ser modificados por razones de interés público en los casos y en la forma previstos en esta Subsección, y de acuerdo con el procedimiento regulado en el artículo 191, con las particularidades previstas en el artículo 207.>> e << Las modificaciones del contrato deberán formalizarse conforme a lo dispuesto en el artículo 153, y deberán publicarse de acuerdo con lo establecido en los artículos 207 y 63.>>*

*Neste senso non consta no servizo a tramitación de expediente de modificación de contrato segundo o procedemento legalmente establecido polo que procede analizar no seu caso se procede o pago dos servizos obxecto de reclamación en aplicación da doutrina do enriquecemento inxusto. A teoría do enriquecemento inxusto xurdiu na xurisdición civil, e habida conta do seu carácter xeral, e aplicable ao ámbito administrativo. Conforme á STS do 11 de maio de 2004, que dende a Sentenza do 28 de xaneiro de 1956 (sentenza de referencia), segundo a doutrina da Sala Primeira, poden considerarse como requisitos para a procedencia da acción de enriquecemento inxusto ou sen causa os seguintes:*

- a) O enriquecemento ou aumento do patrimonio do enriquecido, constituído por calquera vantaxe ou atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.*
- b) O empobrecemento de quen reclama ou daquel en cuxo nomee reclámase, pecuniariamente apreciable, aínda que entendido no seu máis amplo sentido sempre, que non proveña directamente do comportamento de quen o sofre.*
- c) A relación causal entre o empobrecemento e o enriquecemento, de forma que este sexa o efecto daquel. Ou, dito noutros termos que ao enriquecemento siga un correlativo empobrecemento.*
- d) A falta de causa ou de xustificación do enriquecemento e do correlativo empobrecemento*

*Aos anteriores requisitos hai que unir, de maneira moi relevante no ámbito da contratación administrativa, o feito de que os servizos cuxo pago se reclama teñan orixe na propia Administración ou que esta consinta na execución das mesmas; dito doutra maneira, que non se executen por propia iniciativa do contratista; como significan as SSTS do 18 de decembro de 2007 ( Roj: STS 8636/2007) e do 28 de abril de 2008 ( Roj: STS 1660/2008), en doutrina*

*reiterada posteriormente de maneira recorrente polo Alto Tribunal: “En termos da sentenza do 18 de xullo de 2003 o desequilibrio ha de estar constituído por prestacións do particular que non se deban á súa propia iniciativa nin revelen unha vontade maliciosa do mesmo, senón que teñan a súa orixe en feitos, dimanantes da Administración pública, que xerasen razoablemente nese particular a crenza de que lle incumbía un deber de colaboración coa devandita Administración.”*

*Neste senso o Informe do servizo de Cultura determina << “ 4.- O prego de prescricións técnicas non contempla ningunha obriga para a empresa adxudicataria en cuestións de mantemento do edificio nin das instalación e equipamentos da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, cuestións que resolve directamente a Área de Cultura con cargo aos orzamentos municipais en vigor.*

*5.- No propio escrito da empresa se recoñece que “o apartado 3.7. do PPT establece que os servizos contratados non inclúen o mantemento das instalacións...”*

*6.- Este xefatura non tivo constancia destas reparacións ata o mes de abril, momento en que se comunica por correo-e dende a biblioteca e a posterior presentación do escrito na sede electrónica o 7 de maio. Por tanto, non contou con conformidade da nosa área. De ter coñecemento das avarías, teríase asumido directamente o custo das mesmas a través dos expedientes de contratación que correspondesen.>>*

*Polo exposto procede a desestimación da solicitude formulada pola mercantil en tanto que segundo resulta do expediente e do propio informe do servizo de Cultura os traballos executados ao marxe do contrato cuxo importe reclama se realizaron por propia iniciativa da mercantil e sen coñecemento do Administración municipal.*

**CUARTO.- Órgano competente**

*A resolución do expediente corresponde á Xunta de Goberno local como órgano de contratación segundo o disposto na disposición adicional segunda da LCSP.*

## **CONCLUSIÓN**

*Desestimar a reclamación solicitada por LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS SL en data 7.05.2021 polos motivos expostos no puntos terceiro das consideracións xurídicas do presente informe.*

*Deberase incorporar informe proposta do Xefe de Servizo (artigo 172 do ROF)*

*A Secretaria de Administración Municipal Susana Gallardo Fariña. Vigo, en data na que figura ao marxe deste documento firmado electronicamente.”*





## Concello de Vigo

Polo anteriormente exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e co informe xurídico, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**PRIMEIRO.-** Desestimar a reclamación formulada pola empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L con data 07/05/21, de acordo co exposto no informe xurídico.

**SEGUNDO.-** Notificar o acordo ao interesado, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- NOMEAMENTO INTERINO, CON CARGO A VACANTES ,DE 12 BOMBEIROS E 3 CONDUTORES BOMBEIROS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. Exp. 38058/220.

.- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE PETICIÓN DE RECUSACIÓN EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO OFICIAL SEPULTUREIRO, QUENDA LIBRE OEP 14-15-16 (FASE 3).- Exp. 37995/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**10(784).- NOMEAMENTO INTERINO, CON CARGO A VACANTES ,DE 12 BOMBEIROS E 3 CONDUTORES BOMBEIROS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. Exp. 38058/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 31/08/21, dáse conta do informe-proposta do 27/08/21, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En informe de necesidades emitido ao expediente nº 6482/213 pola Xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de Seguridade, se procede á apreciación das necesidades concorrentes na prestación do servizo no ámbito ao seu cargo, indicando o seguinte:

*“Este Servizo de Bombeiros conta na actualidade cunha dotación de efectivos de 108 na escala operativa, resultando imposible cubrir os efectivos necesarios para manter cubertos os mínimos esixidos segundo os aprobados por Xunta de Goberno de data 10 de maio de 2010 ( 20 efectivos ).*

*Na actualidade a relación de persoal que se atopa de retén diario en cada un dos parques se encontra moi por debaixo do que sería imprescindible, presentándose en moitas ocasións un número inferior o que suporía garantir os trens de primeira saída:*

*Parque de Teis:*

- 1 Telefonista.*
- 1 Sarxento.*
- 5 Bombeiros.*
- 3 Cond-bombeiros.*

*Parque provisional de Ricardo Mella:*

- 1 Sarxento.*
- 5 Bombeiros.*
- 2 Cond-bombeiros.*

**TOTAL DE 18 EFECTIVOS.**

*Con este número de efectivos non se garante a segunda saída, o que se traduce en non ter unha dotación para saídas simultáneas, nin ter o persoal para realizar os relevos sobre o persoal que integra os trens de primeira saída en todas aquelas intervencións de longa duración e complexas.*



## Concello de Vigo

*O número de Bombeiros que se encontran cada día en cada un dos parques de retén está por debaixo do que se xustificou en diferentes informes emitidos tanto a esa Area de Recursos Humanos como aqueles que foron emitidos para Asesoría Xurídica por motivo dos diferentes Recursos presentados no Xulgado polos Bombeiros, ase como os que presentaron algúns dos sindicatos. Onde quedaba xustificado o persoal necesario para dar cobertura a os mínimos imprescindibles para un Servizo de Emerxencias que se entende como imprescindible, dando unha resposta analizada e estudada de como poder cubrir os trens de primeira saída e garantir unha dotación de segunda saída, evitando así poñer en risco a propia seguridade dos bombeiros ase como da cidade e seus cidadáns.*

*Unha vez rematadas as Ofertas Públicas de Empleo dos anos 2017, 2018 e 2019 se incorporarán o Servizo de Bombeiros previa formación nás instalacións de Seganosa un número de efectivos de 12 bombeiros e 4 condutores-bombeiros, número insuficiente si temos en conta o índice de números de efectivos necesarios para cubrir un so bombeiro as 24 horas os 365 días do ano que se sitúa en 6,80, o que supón 2,35 efectivos por quenda. Moi lonxe dos 4 necesarios para garantir os trens de primeira saída.*

*Na oferta Pública de Empleo do ano 2020 temos como vacantes 7 bombeiros e 2 cond-bombeiros, ademais das tres prazas por promoción interna que quedaron sen cubrir.*

*Faise imprescindible e necesario cubrir con persoal interino dos que resultaron aptos recentemente das Ofertas Públicas de Empleo dos anos 2017, 2018 e 2019 e que forma parte das listaxes de bombeiros e cond-bombeiros, para remediar a falta de persoal que ven sofrendo nos últimos anos este Servizo de Bombeiros, podendo así cubrir e garantir os trens de primeira saída.*

*Serían as 9 prazas do ano 2020, as tres por promoción interna ou ven aquelas vacantes que se levan producido dende o 1 de xaneiro de 2021 ata data actual.*

**2.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente procedeuse a ordear a incoación de expediente administrativo para a provisión interina solicitada, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación.

**3.-** Constan anexados ao expediente informes técnicos (trámites 11 e 30 do expediente) acreditativos da existencia de prazas vacantes susceptibles de ser interinamente cubertas nas categorías profesionais de Bombeiro e de Conductor-Bombeiro.

Así, no informe técnico do trámite 11 indícase, entre outros aspectos, que:

“a) Con respecto as prazas vacantes de **Bombeiro**:

*A data de hoxe, figura aprobada e pendente de execución as seguintes prazas coa categoría de **bombeiro/a**:*

*- Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 23/12/2020, publicada no BOP e no DOG de 30 de decembro seguinte, na que se ofertan **sete** prazas de Bombeiro/a pola quenda libre*

*De igual xeito, a data de hoxe figuran vacantes **cinco novas prazas de Bombeiro**, desde as datas 04/02/2021 (expte. 37237/220), 13/04/2021 (expte. 37047/220), 01/05/2021 (expte.*

37031/220), 10/05/2021 (expte. 37687/220) e, 03/06/2021 (expte. 37585/220), por xubilación voluntaria dos seus titulares, polo cal dende as referidas datas se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP.

En conclusión, poderían ser cubertas interinamente estas cinco prazas de bombeiro/a e, no caso de así selo, terían que incorporarse a vindeira oferta de emprego que se convoque, neste caso a Oferta de Emprego correspondente ao presente ano 2021.

**En consecuencia e como conclusión, infórmase que no Servizo de Extinción de Incendios, cód. 213, figuran vacantes doce prazas de Bombeiro/a en situación de ser cubertas interinamente, sete delas ao estar incluídas na OEP correspondente ao ano 2020 e as cinco restantes en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, con cargo a vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2021, pendente de aprobación e, na que inexcusablemente deberán incorporarse estas cinco prazas de Bombeiro/a.**

b) Con respecto as prazas vacantes de **Condutor/a-bombeiro/a**:

- Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 23/12/2020, publicada no BOP e no DOG de 30 de decembro seguinte, na que se ofertan **dúas** prazas de Condutor/a-bombeiro/a pola quenda libre

De igual xeito, a data de hoxe figura vacante **unha nova praza de Condutor/a-bombeiro/a**, desde o 01/05/2021 (expte. 36969/220), por xubilación voluntaria do seu titular, polo cal dende a referida data se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP.

En consecuencia, podería ser cuberta interinamente esta nova praza de condutor/a-bombeiro/a e, no caso de así selo, tería que incorporarse tamén a vindeira oferta de emprego que se convoque, neste caso a Oferta de Emprego correspondente ao presente ano 2021.

**En consecuencia e como conclusión, infórmase que no Servizo de Extinción de Incendios, cód. 213, figuran vacantes tres prazas de condutor/a-bombeiro/a en situación de ser cubertas interinamente, dúas delas ao estar incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 e a restante en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, con cargo a vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2021, pendente de aprobación e, na que inexcusablemente deberá incorporarse esta praza de condutor/a-bombeiro/a."**

E no informe emitido no trámite 30 do expediente, infórmase entre outros aspectos o seguinte:

"Con data 10/08/2021 pola xefatura da Área solicitouse ampliación do informe emitido en data 16/07/21 respecto de:

- Articulación práctica da secuencia temporal dos nomeamentos interinos, indicando:

- Duración temporal do período de prácticas e cuantificación das retribucións a percibir durante tal período.



## Concello de Vigo

*Segundo informe emitido polo xefe do Servizo de Extinción de incendios de data 17/08/21, expte. 6482/213, anexoado ao presente expediente, o período de practicas dos novos funcionarios interinos que tomen posesión como funcionarios interinos en practicas, consistirá na realización de varios cursos teórico-prácticos de 259 horas. Unha vez superado este período formativo e, tralo informe favorable da xefatura do Servizo, estarían en condicións de ser nomeados funcionarios interinos.*

*No que respecta as retribucións a percibir, veñen reguladas no artigo 2 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro, pola que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, correspondendo neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondente ao grupo C, subgrupo C2 ao que aspiran a ingresar, significando que a totalidade das 12 prazas obxecto de cobertura interina atópanse dotadas presupostariamente no orzamento do presente ano.*

- *Indicación expresa de cumprimento da TRE establecida na LPGE 2021 coa provisión interina solicitada.*

*- 7 das doce prazas solicitadas atópanse incluídas na OEP-2020, polo que necesariamente forman parte da taxa de reposición de efectivos do expediente 38555/220, de aprobación da mesma. En canto aos cinco efectivos restantes, cúmprese co previsto na Lei de Orzamentos para o presente ano, tal e como se recolle no informe técnico, trámite 11 do expediente.*

*- 2 das tres prazas de condutor-bombeiro, están incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 e a restante en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, con cargo a vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2021, pendente de aprobación e, na que inescusablemente deberá incorporarse esta praza de condutor/a-bombeiro/a.*

*Significar así mesmo, que atópase pendente de aprobación a Oferta de Emprego correspondente ao ano 2021, expte. 37053/220, cuxa proposta técnica foi sometida a Mesa Xeral de Negociación en data 05 de xullo pasado, estando pendente de aprobación nunha vindeira sesión extraordinaria da Mesa de Negociación.*

- *Data prevista para a finalización do período de prácticas e o conseguinte nomeamento como funcionarios interinos, con cargo ás vacantes indicadas no seu informe de data 16.07.2021.*

*Segundo as previsións da xefatura do Servizo, o período de formación destes efectivos podería rematará nos trinta días hábiles seguintes a súa toma de posesión como funcionarios interinos en prácticas, polo que unha vez rematado o período de formación, tería que formularse nova proposta a Xunta de Goberno Local para o seu nomeamento como funcionarios interinos, que de conformidade coa lexislación vixente e á recente modificación do réxime xurídico do persoal interino efectuada polo Real Decreto-lei 14/2021, de 6 de xullo terán una duración máxima de tres anos, transcorridos os cales producirase o remate da relación de interinidade e, as vacantes só poderán ser ocupadas por funcionarios de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, en cuxo caso se poderán efectuar outros nomeamentos de persoal funcionario interino.”*

4.- En consecuencia, e ao abeiro do establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, procédese á emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

### I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*



**Concello de Vigo**

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta.**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.”*

**No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.**

*Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais delo, a Administración

formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente suposto, e efectuado o correspondente estudio ao longo da tramitación do expediente administrativo, debe deixarse constancia expresa da ausencia de regulación legal específica da figura do “funcionario interino en prácticas”, tanto ao longo do articulado do TREBEP e das súas sucesivas modificacións ata a data actual, como da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e normativa de concordante e procedente aplicación; sendo non obstante a regulación do estatuto dos funcionarios públicos competencia exclusiva do Estado segundo o artigo 149.1. 18ª da Constitución de 1978; e operando o principio de reserva de lei do artigo 9.3, e considerada a existencia de previsión constitucional expresa realizada polo lexislador constitucional no artigo 103.3 da Norma Suprema.

Certo é que entidades locais como o Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz recurren a esta clase de figura -o funcionario interino en prácticas- pero sempre suxeita á previa previsión expresa nas bases rectoras das convocatorias de procesos de selección de persoal.

Á vista delo, así como da ausencia de previsión específica ao respecto nas bases das convocatorias do Concello de Vigo; e dende a perspectiva estritamente xurídica, estímase por quen suscribe, en garantía da plena seguridade xurídica do nomeamento interino, a inviabilidade de nomeamento de funcionarios interinos en prácticas, estimándose, en todo caso, o axuste a Dereito do nomeamento interino na modalidade legamente prevista no artigo 10.1, letra a) en relación co 10.4 da dita norma (funcionario interino con cargo a praza vacante en plantilla) susceptible de suxeición á condición resolutoria de inexcusable superación de curso teórico-práctico, nos termos do establecido no artigo 1113 do Código Civil -rama do Dereito supletoria, en segundo ou ulterior grao, ao Dereito Administrativo, previa a correspondente autointegración consonte ao previsto no artigo 4.3 da propia codificación referenciada, co alcance contemplado en STS do 22 de xaneiro de 2020 (Sala do contencioso-administrativo, rec.1159/2015)-.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase aos postos de traballo tipo de Bombeiro (código 132) e Conductor-Bombeiro (código 133) aplicándose o réxime retributivo dos funcionarios en prácticas con carácter analóxico -ao abeiro do disposto no artigo 4,1 do Código Civil – recollido no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro, pola que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, que no seu artigo 1 contempla que:

*“Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.*





## Concello de Vigo

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

O nomeamento que se efectúe estará suxeito á condición resolutoria consistente na obriga de superación inexcusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino, deixando constancia expresa de que, de acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións como funcionario interino en prácticas ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.

De acreditarse a superación do curso, procederase a acordar polo órgano competente, e previa a proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos -sen a aplicación analóxica do réxime retributivo en prácticas- ata a provisión definitiva da praza interinamente cuberta, e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.

Asimesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio

2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Sendo patentes as necesidades de persoal nun colectivo tan esencial para o servizo público como é o asignado á actividade de extinción de incendios e salvamento, e sendo un feito certo que a normativa vixente permite a xubilación anticipada voluntaria dos funcionarios do dito colectivo (co impacto que elo supón na xestión de plantillas) considérase que no expediente queda suficientemente acreditada a necesidade de nomeamento obxecto de proposta.

#### **V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico incorporado ao trámite 11 do expediente:

*“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de 18 de novembro de 2020, publicado no BOP de 20 de novembro seguinte, tanto do posto cód. **132-bombeiro/a**, como do posto **cód. 133-condutor/a-bombeiro/a**, para o exercicio 2021 e de 49.158,53€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base, por un importe anual de 9.174,59€), 121.0004 (complemento de destino, por un importe anual de 5.364,63€), 121.0104 (complemento específico por un importe anual de 21.230,53€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 13.388,78€), significando que o **custe máximo anual para presente ano 2021 para cada unha das prazas sería de 20.482,72€** (dos que **14.904,06€ corresponden a retribucións e, 5.578,66€ a seguridade social a cargo ao empregador**), toda vez habería que imputalo a un máximo de 5 meses, xa que non estarían en condicións de ser nomeados/as ata polo menos o **01 de agosto próximo**, xa que os créditos dos primeiros meses deste ano xa foron utilizados nas modificacións orzamentaria número 2/2021, expte. 36898/220, 5/2021, expte. 37252/220 e, 49/2021 expte. 37618/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria, entre outras, da aplicación 920.0.140.0000, por un total de 1.849.516,28€.”*

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado -coa salvedade de inaplicabilidade da previsión da figura do funcionario interino en prácticas en atención ao razoamento xurídico exposto- así como da ampliación emitida no trámite 30, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 24 do expediente) consta o seguinte:



## Concello de Vigo

- *“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Bombeiros e Condutores Bombeiros, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Bombeiros con cargo a praza vacante a: M. Taibo Castro con DNI: \*\*\*4748\*\*, a C. Lameiro Couto con DNI: \*\*\*7615\*\*, a A. Morín Jimenez con DNI: \*\*\*1652\*\*, a Y. Villaverde Parada con DNI: \*\*\*8474\*\*, a A. Carballo Camiño con DNI: \*\*\*0496\*\*, a B. Mayo Giraut con DNI:\*\*\*3694\*\*, a R. Dehesa Suances con DNI:\*\*\*9297\*\*, a F. Pereiro Collazo con DNI:\*\*\*8572\*\*, a J. De la Flor Rubio con DNI: \*\*\*2968\*\*, a A. Sanchez Sanchez con DNI: \*\*\*0302\*\*, a D. Barciela Corugeira con DNI: \*\*\*0122\*\*, a A. Couso Molanes con DNI: \*\*\*5059\*\*, e procede o chamamento como Condutores Bombeiros con cargo a praza vacante a: B. Rodriguez Rial con DNI: \*\*\*1830\*\*, a M. Lago Barciela con DNI: \*\*\*4547\*\* e a B. Comesaña Martínez con DNI: \*\*\*8974\*\* , de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

*De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.*

Os aspirantes interesados e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escritos incorporados ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto, verificados pola oficina administrativa.

### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

## VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

## IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 15 funcionarios interinos con obriga de superación de curso preceptivo teórico-práctico, nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: 12 Bombeiros (subgrupo C2) e 3 Conductores-Bombeiros (subgrupo C2)*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP) establecendo a obriga de realización de curso preceptivo de carácter teórico-práctico consonte ao previsto no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.*
- *Destino: Área de Seguridade, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.*
- *Período temporal: o presente nomeamento realízase suxeito a condición resolutoria, consistente na obriga de superación inexcusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino. De acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións correspondentes ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro. Unha vez acreditada a superación do curso, procederase a acordar, polo órgano competente e previa proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*
- *Custe económico: o asociado ás 12 prazas vacantes de bombeiro e ás 3 de conductor-bombeiro no cadro de persoal orzamentario dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2021.*

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos suxeitos á obriga inexcusable de superación de curso preceptivo de carácter teórico-práctico, con cargo ás 12 prazas vacantes de bombeiro e ás 3 de conductor-bombeiro indicadas, co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como das condicións e obrigas establecidas no apartado primeiro do presente acordo, na súa



## Concello de Vigo

*condición de aspirantes incorporados en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo -segundo os datos proporcionados polo programa informático do servizo de Administración Electrónica- ás seguintes persoas:*

*-Categoría profesional de Bombeiro:*

- M. Taibo Castro con DNI: \*\*\*4748\*\*,*
- C. Lameiro Couto con DNI: \*\*\*7615\*\*,*
- A. Morín Jimenez con DNI: \*\*\*1652\*\*,*
- Y. Villaverde Parada con DNI: \*\*\*8474\*\*,*
- A. Carballo Camiño con DNI: \*\*\*0496\*\*,*
- B. Mayo Giraut con DNI:\*\*\*3694\*\*,*
- R. Dehesa Suances con DNI:\*\*\*9297\*\*,*
- F. Pereiro Collazo con DNI:\*\*\*8572\*\*,*
- J. De la Flor Rubio con DNI: \*\*\*2968\*\*,*
- A. Sanchez Sanchez con DNI: \*\*\*0302\*\*,*
- D. Barciela Corugeira con DNI: \*\*\*0122\*\*,*
- A. Couso Molanes con DNI: \*\*\*5059\*\*,*

*-Categoría profesional de Conductor-Bombeiro:*

- B. Rodriguez Rial con DNI: \*\*\*1830\*\*,*
- M. Lago Barciela con DNI: \*\*\*4547\*\* ,*
- B. Comesaña Martínez con DNI: \*\*\*8974\*\* ,*

**TERCEIRO:** *Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados interinamente suxeitos á obriga de realización de curso teórico-práctico desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno*

*Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento*

**CUARTO.-** *Dispoñer que pola Concellería-delegada competente en materia de persoal se proceda a resolver a creación da Comisión de Avaliación do curso teórico práctico a realizar polos aspirantes nomeados, así como á designación dos seus membros, e cuxa actividade deberá rematar con comunicación da relación de funcionarios interinos que acrediten a superación do curso preceptivo.*

**QUINTO.-** *Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área e Servizo de destino, Concellería-delegada da Área de encadramento do ámbito de destino, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, persoal do Programa de Modernización e Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

**SEXTO.-** *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(785).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE PETICIÓN DE RECUSACIÓN EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO OFICIAL SEPULTUREIRO, QUENDA LIBRE OEP 14-15-16 (FASE 3).- Exp. 37995/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 01/09/21, asinado pola secretaria do órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de oficial sepultureiro, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1- Con data 26/03/18 convocouse o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de oficial sepultureiro (BOPPO núm. 60, do luns 26 de marzo de 2018).

2- A Xunta de Goberno Local de data 17/06/21 acordou aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, así como, dar conformidade á proposta para a designación dos membros



## Concello de Vigo

integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes, efectuada pola concelleira-delegada de Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, contida en instrución de data 04/06/2021 (BOPPO núm. 120 do venres, 25 de xuño de 2021).

3- A data acordada para a celebración da primeira proba do proceso selectivo de oficial se-pultureiro foi o 2 de setembro de 2021, ás 17:00 horas no frontón cuberto do complexo de-  
portivo As Travesas.

4- Durante o prazo outorgado ao efecto para a achega de reclamacións, non consta terse promovido incidente de recusación de ningún dos membros do órgano de selección nin abs-tención por parte do mesmos no proceso en cuestión, segundo se desprende do acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/07/21, polo que se acordou aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos e resolver as reclamacións achegadas aos distintos procesos selecti-vos.

5- Ás 12:00 horas do martes, 10 de agosto de 2021, celebrouse na Sala de Prensa sita no noveno andar da Casa do Concello a sesión constitutiva do proceso selectivo, que quedou validamente constituída coa asistencia de todos os seus membros titulares. Neste acto, a petición da secretaria, os membros presentes manifestaron non estar incurso en ningunha das causas legais de abstención.

6- Con data 12/08/21, documento número 210165797 (cód. de solicitude W590148-3506), D. José Juan Quintas Pérez, aspirante admitido para participar no proceso selectivo, achegou escrito promovendo a recusación de varios membros do órgano de selección.

7- Constan no expediente 37995/220, notificacións de trámite de audiencia ós membros do órgano de selección afectados polo incidente recusatorio ós que, previa comunicación da tramitación do incidente recusatorio, se requiriu a presentación de declaración responsable de non estar incurso nalgunha das causas de abstención ou recusación contempladas le-galmente. Ó expediente incorporáronse as declaracións responsables de todos os requiridos (docs. 2101766637, 210176901, 210177211, 210176902, 210177712, 210175438, 210177929, 210176327 e 210176830).

8- Con data 31/08/21, por parte da Área de Recursos Humanos e Formación, trasladouse ó meu buzón persoal da xestión de expedientes o procedemento en trámite, ao obxecto de re-solver o incidente recusatorio.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O réxime da abstención e recusación está previsto nos artigos 23 e 24 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*, como garantía da imparcialidade que debe presidir os procesos selectivos na Administración Pública.

2- En concreto, o art. 24 da LRXSP por remisión ó art. 23.2, contempla os motivos de recusación, así como a tramitación do incidente recusatorio, prevendo que a mesma poderá promoverse “*polos interesados en calquera momento da tramitación do procedemento*”.

No presente caso, se ben non se fixo reclamación durante o prazo outorgado ao efecto, trala aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos e designación de integrantes do órgano de selección, a recusación formulouse lexitimamente polo interesado en data 12/08/21, iniciado o proceso selectivo. Das actuacións levadas a cabo no incidente recusatorio deuse traslado a secretaria do órgano de selección que subscribe con data 31/08/21.

3- O artigo 75.1 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común* (LPAC), prevé a posibilidade de que, de oficio, se leven a cabo os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución.

Neste senso, tal e como se indicou nos antecedentes deste informe proposta, por parte da Área de Recursos Humanos e Formación, notificouse trámite de audiencia ós membros do órgano de selección afectados pola incidente de recusación, que se reflicten a seguir:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Bernárdez Fernández.- Presidenta do Órgano de Selección.
- D<sup>a</sup> Begoña Arranz González- Presidenta Suplente do Órgano de Selección.
- D. Jesus Alfonso Paz- Vogal 1<sup>o</sup> Titular do Órgano de Selección.
- D. Alberto Cid González.- Vogal 1<sup>o</sup> Suplente do Órgano de Selección.
- D. Gumersindo Manuel Rosende Dios - Vogal 2<sup>o</sup> Titular do Órgano de Selección.
- D. Rafael Costas, Riveiro.- Vogal 2<sup>o</sup> Suplente do Órgano de Selección.
- D. Adolfo Rodríguez Lopez - Vogal 3<sup>o</sup> Titular do Órgano de Selección.
- D. José Ramón Seijas Álvarez, Vogal 3<sup>o</sup> Suplente do Órgano de Selección.

Consta que polos mesmos se achegou declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de abstención ou recusación contempladas nos artigos 23 e 24 da LRXSP, respectivamente identificada cos números de documento 2101766637, 210176901, 210177211, 210176902, 210177712, 210175438, 210177929, 210176327 e 210176830 (incorporadas ao expediente 37995/220).

Pola súa parte, na sesión constitutiva do órgano de selección celebrada ás 12:00 do martes 10/08/21, todos os membros titulares presentes do órgano de selección (presidenta, vogais e secretaria), manifestaron non estar incurso en ningunha das causas legais de abstención, circunstancia que se fixo constar pola secretaria na acta correspondente, incorporada ao procedemento.





## Concello de Vigo

4.- Análise da concorrencia das causas de recusación invocadas polo interesado que promoveu o incidente de recusación.-

Con data de entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo do 12/08/21, D. José Juan Quintas Pérez (con DNI \*6\*\*5\*10\*) achegou escrito promovendo a recusación de varios dos membros do órgano de selección para a cobertura dunha praza de oficial sepultureiro (doc. 210165797), redactado nos seguintes termos: "*Att de la Jefa de personal. Jose juan Quintas Pérez con DNI : \*6\*\*5\*10\* interino en el Concello De Vigo servicio de cementerios solicita la recusación del tribunal de OPE del 2016 para una plaza de sepulturero. Exponiendo el art.23 Ley 40/2015 del 1 de Octubre relativo a la **relación de servicios** por varios miembros del tribunal con opositores así mismo como **amistad o enemistad**. Solicito la recusación de la presidenta del tribunal y todos los vocales como suplentes del tribunal.*"

O artigo 23.2 da LRXSP por remisión do art. 24.1 da mesmas contempla entre os motivos de recusación: "*c) Ter **amizade íntima ou inimizade manifesta** (...) e) Tener **relación de servicio** con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar*".

Á vista do escrito achegado polo interesado, así como, á vista das declaracións responsables e manifestacións realizadas polos membros do órgano de selección de non incursión en causa legal de abstención ou recusación, no incidente recusatorio fundado nos apartados c) e e) do art. 23.2 (por remisión do artigo 24.1) da LRXSP, nos que ampara a pretensión deducida, compre sinalar que as imputacións non se atopan acreditadas nin sequera referidas a persoas concretas (nin aspirantes, nin membros do órgano de selección), sen que resulten suficientes as meras alegacións ou suposicións sen aportar ningún feito concreto que constituía indicio do que derivar, como consecuencia natural, a posible parcialidade dos membros do órgano de selección afectados polo incidente recusatorio. Unha recusación fundada en motivos de amizade, inimizade ou relación de servizo, debe concretar os aspirantes e membros do órgano de selección implicados nesa relación, así como a proba da intensidade da mesma, precisando os datos obxectivos nos que se fundamenta.

O carácter taxativo das causas de abstención e recusación previstas legalmente non permite a súa aplicación analóxica. Neste senso, o Tribunal Constitucional (STC 162/99), sinalou que para que unha autoridade ou funcionario poidan ser apartados do coñecemento dun asunto concreto "*... é sempre preciso que existan sospeitas obxectivamente xustificadas, é dicir, exteriorizadas e apoiadas en datos obxectivos, que permitan fundadamente afirmar que a autoridade ou órgano non é alleo á causa ou que permitan temer por calquera relación co caso concreto, que non empregará como criterio de xuízo o previsto pola Lei, senón outras consideracións alleas o ordenamento xurídico*".

De xeito que se entende que o contido da solicitude de recusación achegado por D. José Juan Quintas Pérez non é susceptible dunha posible análise, pola xeneralidade coa que se expresa, sen dotala de contido e concreción, xa que non chega a simple alegación de sospeitas ou a invocación de causas inconcretas, mera literalidade da lei.

Sobre a posible concorrencia destas dúas concretas causas de abstención, pronunciose a STSX de Asturias de 7 de novembro de 1997 (RXCA\1997\2835): *“La causa de recusación del Presidente y demás miembros de la Comisión de Valoración, fundada en los apartados c) y e) del artículo 28 de la Ley 30/1992, de 26 noviembre ( RCL 1992\2512 , 2775 y RCL 1993\246) en los que viene a amparar la pretensión deducida al hacer derivar de ella la existencia de abuso de poder y la arbitrariedad de su actuación al no respetar la objetividad e imparcialidad que deben presidir la actuación de los órganos administrativos, así como los principios de igualdad, capacidad y mérito en el acceso a la función pública, no puede prosperar, pues si bien dicha recusación y en definitiva este modo de actuar de la Administración pueden denunciarse y promoverse en cualquier fase del procedimiento, dichas imputaciones deben ser referidas a personas concretas y hallarse acreditadas, al menos, por medio de una prueba indiciaria que lleve al convencimiento del Tribunal la existencia de abuso o desviación de poder, sin que resulten suficientes las meras alegaciones o suposiciones como aquí ocurre pues la existencia de relaciones laborales como funcionarios entre la adjudicataria y alguno o algunos de los miembros de la Comisión de Valoración no implica necesariamente la concurrencia de amistad íntima con todos y cada uno de sus miembros, ni tan siquiera con aquellos con quienes les una relación de trabajo, a no ser que existan otros elementos de esa relación de amistad, cuando además la mera relación de servicios entre funcionarios no tiene cabida en la causa de recusación del apartado 2, e) del citado artículo 28 que la refiere a los servicios de los miembros del Tribunal de Valoración respecto de la persona o personas interesadas o haberle prestado servicios profesionales en los dos últimos años, de cualquier tipo, pues no existe entre funcionarios dentro de la función pública, una relación de servicio y menos del superior con el inferior, razones a las que cabe añadir que no consta que la actuación del Presidente fuera determinante de la resolución dictada por el Tribunal Calificador a efectos de determinar su invalidez como se previene en el apartado 3 del citado precepto legal para declarar la invalidez de los actos en que hayan intervenido”.*

En relación á concreta causa do apartado c) do artigo 23.2.c) da LRXSP, a STSX de Madrid de 30-09-2008 (XUR\2010\274072) que *“En cuanto a la amistad entre la adjudicataria y Doña Yolanda , el apelante considera acreditado que existía entre ellas una " amistad manifiesta " , pero hay que recordar con la Sentencia apelada que de lo que habla el artículo 28.1 .c) es de " amistad íntima " , que es algo conceptualmente distinto de la simple amistad, por más que ésta sea manifiesta; en este sentido la prueba de la amistad íntima requiere algo más que ver a dos profesoras de un centro pública juntas en muchas ocasiones, o que siempre tomarán café juntas, por lo que consideramos acertada la valoración de la cuestión que hace la Sentencia apelada, por lo que se desestima el motivo”.*



## Concello de Vigo

Segundo STS do 4 de outubro de 2010, o motivo de abstención/recusación que analizamos non o constitúe a simple amizade, senón a amizade íntima, o cal significa que non basta calquera relación de coñecemento senón que é preciso que concorran (e se acrediten) unhas circunstancias de feito que revelen no ámbito da vida persoal, alleo ó da profesión, a proximidade e a estreita vinculación que as actuais pautas sociais esixen para apreciar ese elevado nivel de amizade que resulta necesario para merecer a cualificación de íntima, circunstancias como poden ser, entre outras, a coincidencia de maneira reiterada ou habitual nos tempos e actividades de ocio, en celebracións familiares, etc”.

Pola súa parte a STS do 1 de decembro de 2011 engade que a amizade íntima á que alude o precepto non contempla unha relación profesional nin tampouco a persoal baseada en razóns de cortesía, senón que é preciso un grado de amizade que, por ter unha vinculación persoal máis intensa, poida facer dubidar da imparcialidade.

O mesmo cabe predicar da inimidade, pois a mesma debe aparecer connotada pola característica de “*manifesta*” entre dúas persoas concretas e xustificada, concepto que se ben técnicamente pode considerarse indeterminado, en ningún caso, pode ser calificado como subxectivo. “*En canto a inimidade manifesta, pode acreditarse, entre outros medios, por comportamento previos ou frases cruzadas entre os afectados, das que quede constancia ...*”, reza a STS de 29 de abril de 1993. En canto a esta inimidade manifesta como causa de abstención/recusación, é ilustrativa a STS 919/2004, de 12 de xullo, que define a inimidade como “*aversión, malquerencia, odio, rencor, hostilidade, proposición, mala vontade ou rivalidad*”, que en todo caso, debe probarse.

Tanto a amizade como a inimidade pertencen ás esfera subxectiva dos sentimentos, polo que, a xuízo da que informa, non se entende probada a recusación fundada nas mesmas nos termos vagos e imprecisos nas que está redactada. Compriría poder medirse a intensidade lo lazo afectivo entre persoas concretas. “*... A lei e a xurisprudencia esixen que a relación entre as persoas afectadas sexa dunha intensidade tal que poña en perigo a aparencia de imparcialidade do órgano evaluador porque, do contrario, se se acollen fútiles causas de apartamento, o que se provocaría sería dar pábulo a ignominia e premiar a insidia, que sí xerarían auténtica desconfianza...*” (Sentenza 271/2017 do XCA nº 1 de Vigo).

Referíndose a ambas, o Tribunal Superior de Justicia de Madrid 633/2001, de 24 de maio, dixo que a referencia á amizade íntima ou inimidade manifesta é unha “*cláusula general de dificultosa aplicación, exigiendo la amplitud de su formulación delimitar en cada caso su alcance con el fin de impedir excesivas generalizaciones o exageradas limitaciones. Importa, en suma, determinar el sentido de las máximas de experiencia “amistad íntima” y “enemistad manifiesta”, con atención a lo que en la vida social se reputa como una u otra. Así, por regla general, no habrá amistad íntima en la simple amistad o conocimiento por efecto de hallarse las Autoridades o Funcionarios en la vida de relación social, profesional, académica, a examinar en cada ámbito concreto. Debiendo apreciarse la causa, cuando se mantiene un trato y se advierten vínculos que “excedan” de las usuales relaciones de*

*convivencia. Por lo que atañe a la enemistad, para que pueda ser reputada como "manifiesta", debe tener una representación externa de suma contundencia; no siéndolo, la que se pretende amparar en meras suspicacias o en la contrariedad o amor propio del recusante, resultando necesario, tanto en una como en la otra causa, evidenciar en cada supuesto los hechos y circunstancias que determinen la existencia de la amistad íntima o la enemistad manifiesta sin poder establecer, apriorísticamente, reglas generales sobre su concurrencia.*

Polo que respecto ó motivo de recusación do apartado e), porén a xurisprudencia non se ten pronunciado de forma unánime sobre a causa de abstención fundada na relación de servizos supostos de relacións de xerarquía funcional no seo da administración pública, a dependencia xerárquica non existe nestes casos, xa que a relación de servizo do funcionario se produce sempre coa Administración Pública á que pertence.

Así, a STSX de Baleares de 21 de xuño de 2006 (XUR\2006\211388) establece que *"Debe tenerse en cuenta, también, que el art. 28 de la Ley 30/92 de 26 de noviembre ( RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246) establece las causas de abstención, sin hacer referencia alguna a la dependencia jerárquica ni a las relaciones que puedan derivar del hecho de haber trabajado en unos mismos departamentos o servicios. La amistad debe ser íntima para que pueda ser considerada causa de abstención; y la relación de servicio del art. 28.2.e) no se puede identificar con la dependencia jerárquica sino que se adscribiría –según se desprende de la referencia que en el precepto se hace a los servicios profesionales– dentro de una relación jurídico privada de tipo contractual"*.

Neste mesmo senso, a STSX de Madrid de 30/09/2008 (XUR\2010\274072) *"Así pues, ni la norma que regula las causas de abstención y recusación habla de dependencia jerárquica, sin que quepa interpretar extensivamente esta clase de normas, sino de " relación de servicio ", lo que es algo bien distinto, ni aunque mencionara la " dependencia jerárquica " como causa de abstención, podría apreciarse que existe aquella en el caso de un Jefe de Estudios de un centro público docente y un funcionario profesor de dicho centro"*.

No concreto caso, xa na sesión constitutiva do órgano de selección ningún dos seus membros titulares presentes manifestou estar incurso en causa de abstención, como así se recolleu na correspondente acta integrante do expediente (10/08/21). O anterior foi ratificado por todos eles e polos demais membros suplentes do órgano de selección mediante a presentación de declaracións responsables incorporadas ao expediente.

Á vista do exposto, da instrución do presente incidente recusatorio cabe concluír que non concorren os motivos de recusación invocados polo interesado no escrito de recusación achegado, polo que non procede estimar a recusación formulada, ó facer residir a duda da imparcialidade dos membros do órgano de selección en motivos que nen sequera se poden entrar a avaliar en profundidade pola súa xeneralidade e falta de precisión, por canto non se



## Concello de Vigo

identifican e concretas as persoas entre as que existe a suposta relación de amizade, inimidade ou de servizo nin se xustifica a mesma en datos obxectivos.

5- O art. 24.1 da LRXSP ofrece ós interesados a posibilidade de promover a recusación en calquera momento da tramitación, sen que exista un prazo para a súa achega ao procedemento.

Porén terse promovido a recusación lexítimamente, compre sinalar que o interesado achegou o escrito de recusación o 12/08/21, é dicir, iniciado xa o proceso selectivo (a sesión constitutiva celebrouse o 10/08/21), cando xa se tiña publicado tanto a resolución da lista provisional de admitidos excluídos e integrantes do órganos de selección, co correspondente prazo para a achega de alegacións, como a resolución aprobando a lista definitiva.

6- De conformidade co artigo 74 da LPAC, *“as cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo, agás a recusación”*.

Polo exposto, enténdese que, coa resolución do incidente de recusación, que se notificará ós interesados, debe levantarse a suspensión do procedemento.

7- De conformidade co art. 24.5 da LRXSP, *“contra as resolucións adoptadas nesta materia no caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ó interpor o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento”*.

8- Como órgano designante do membros do órgano de selección, é competencia da Xunta de Goberno Local, o coñecemento o resolución do presente incidente de recusación, de conformidade co artigo 127.1.h) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local* e artigo 24 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.- Desestimar** a petición de recusación de varios membros do órgano de selección para a cobertura dunha praza de oficial sepultureiro, correspondente á OEP do 2016, promovida por D. José Juan Quintas Pérez, con DNI \*6\*\*5\*10\*, (doc. 210165797), ó non concorrer os motivos previstos no art. 23.1 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*, por remisión do art. 24.1 da mesma, en base ás actuacións levadas a cabo no incidente de recusación e ás fundamentos xurídicos expostos.

**Segundo.- Levantar a suspensión** do procedemento prevista no artigo 74 da LPAC e, en consecuencia, continuar co desenvolvemento do proceso selectivo.

**Terceiro.- Notificar** o presente acordo a D. José Juan Quintas Pérez, así como, ós membros do órgano de selección afectados polo incidente recusatorio.

**Cuarto.-** Contra o presente acordo non cabe presentar recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que termine o procedemento, conforme ao disposto no art. 24.5 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(786).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez